



Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO – 2º EXERCICIO

En data 30/10/2023 constitúese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto técnico do Concello de Coristanco, ás 9:00 horas, no Salón de Actos do Edificio de Servizos Múltiples do Concello de Coristanco.

Ás 10:40 horas iniciouse o chamamento por orde alfabética dos aspirantes admitidos.

As persoas que se presentaron á proba son as relacionadas a continuación co seu respectivo DNI:

Nº	DNI
1	47351917T
2	79312052W
3	79325943R

Rematado o exercicio, transcorridos os 90 minutos concedidos para a súa realización, o Tribunal réunese, para a valoración da proba, de acordo coa base 8ª das reguladoras do proceso de selección.

Procédese a corrixir os exames de acordo cos criterios establecidos. O exame consta de 20 preguntas. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos (a razón de 0,5 puntos por cada resposta correcta), sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superalo, correspondéndolle ao Tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesario para acadar a dita nota mínima, que non terá por que corresponderse necesariamente co 50% das preguntas acertadas.

Iníciase a corrección dos exames, puntúase e mediante a lectura dos códigos de barras asígnase a puntuación aos aspirantes presentados.

O resultado da dita valoración é o seguinte.

Nº	DNI	PUNTUACIÓN
1	47351917T	7,60
2	79312052W	7,30
3	79325943R	8,45

Os/as aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte da publicación da presente acta.

De existir reclamacións, o tribunal reunirase para a súa resolución, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello. Se da resolución adoptada polo tribunal se derivan modificacións no contido desta acta, será publicada tamén na Sede electrónica do Concello para público coñecemento.

E sen máis asuntos que tratar, o tribunal procede a levantar a sesión ás 13:30 horas.

Documento asinado dixitalmente polas persoas que figuran á marxe.

